

## Momento da Galiza

Acabamos de recibir algúns órgaos da prensa galega, que nos traen as notizas sóbor a Asamblea convocada pol-o Municipio de Compostela pra levar a cabo a confección do Estatuto pra conquistar a autonomía da Galiza.

Total-as crónicas que se refiren ás labours dos homes reunidos en Sant-Iago, pra confeccionar esa nova carta autonómica, fan sinalar un verdadeiro gasto de verbas, sin que ningún d-eses homes, salvo esceciós moi contadas, se espresara co-a forte valentía e craridade que-é mester no actual momento da política galega. Estase faguendo atualmente na Galiza un gasto inútil de verbas e discursos flocos, que nos está donando a impresión dos tempos do noxento parlamentarismo hespañol, e elo nos fai maxinar tristemente no destino que agarda á nosa Terra, si a labourea dos homes se redúz a repetir os mesmos discors, nos que o verbalismo froldo e o lirismo, non deixan lugar a unha acción rexa en ben da patria.

Poi-o d-agóra podese decir que, o que se ven faguendo en Sant-Iago confirma en todo o que nós xa tiñamos previsto; que non é posíbre labourear en ningún Estatuto da Galiza en xuntanzas nas que estean presentes elementos que pertencen a partidos políticos hespañoles que os téñ vencellados a sua disciplina, ou nas que tomen parte homes nados na Galiza, pro que manifestan decote fachenosamente un hespañolismo que foi en todo tempo o peor nemigo das nosas liberdades.

Non e posíbre — xa o dixemos varias veces — traballar en prol do melloramento das condicións políticas i económicas da Galiza ollando a Madrid e dándolle as costas á Terra, que é o que se ven faguendo dende a chegada da República.

Traballar pra Galiza co-a cara pra os nosos intreses é o que se ten que faguer, si non se quer seguir levando a vida de sometidos que afoga a nosa economía e ameaza faguernos desaparecer com-a povo.

Algúnhas verbas indifinas e magoantes, pra quen sinta no cerne da alma o sentimento da patria, foron ditas nas xuntanzas feitas en Sant-Iago, por homes que xa debían estar botados a unha veira do camiño pra deixar paso ós que non están luxados de castelanismos.

Parécenos mentira que, n-estes tempos, aínda se permita ós nemigos da Terra onde foron nados, que falen nas xuntanzas onde se quer labourear o porvir do povo galego.

## O que nos trae o telégrafo

PRA COMENTAR OS  
LECTORES

De Francia—

Rennes 7. — Persoas descoñecidas fixeron voar o moimento que recorda a unión da Bretaña co-a Francia, o qu-estaba colocado enriba do Consello Municipal.

Celebrábanse en Rennes as festas do IV aniversario da unión devandita i estaba n-esa cidade Mr. Herriot, quen condenou ese atentado con severidade.

Os autonomistas bretons xa faguía tempo que viñan protestando pol-a orgaización d-esas festas e opoñíanse a que foran invitados a elas os funcionarios franceses.

De España—

Madrid, 9. — As autoridades fixeron crausurar os centros nazonalistas de Bilbao, Burgos e Vigo, agardándose que axiña se dará a orde de crausuras os demais centros nazonalistas da Hespaña.

## Doroso pro certo

Pra A FOUCE

Espranzados, ategados de ilusión, saudábamnos fai agora un ano ao Día da Galiza. Era o primeiro que se celebraba baixo un réximen que prometera dare satisfacción en parte aos nosos mais caros degoiros. E ista circunstancia obrigaba a que os nosos peitos se abrisen á espranza. Tal circunstancia faguía que aínda nos menos doados ao optimismo se fixese firme a convicción de que, ao fin, dimpois de tantos anos, séculos xa, de imposición centralista, ausurda e antinatural, o bon senso situado xa nas outuras do Poder ía a determinare un troque de procedimentos e de orgaizacións, sinón radical, como tantos degoiros, pol-o menos o suficientemente ample pra que o contento escomezase a iniciarse antre as nazonalidades diversas que o Estado hespañol veu termando d'esmagar, sen resultado, coá sua malfadada política unitaria e de asimilación.

Pasou un ano — xa sabemos que un ano non é ren na vida de un povo — e o contento sigue aínda moi

lonxe de nós. A incomprensión anda a continuare domiñando, con honrosísimas escepciós, nos que se chaman directores da opinión hespañola. E como nos tempos, aínda ben pertos, da morta monarquía borbónica, Castela, con todo o enorme lastre de intreses creados, de comenza, de patriotismos noxentis, de cousas inconfezábeis que á soma do réximen por ela persoificado se foron erguendo e tomando corpo, terma aínda de seguire impoñdo as normas directrices da política hispana. Y-eisí, por iste feito, loitan con furia tola as duas tendenzas que andan a se disputaren a guía e orientación política de ista República hespañola *federable*, que soio abrangerá o verdadeiro afincamento, e có afincamento a pujanza que compre o día que o ridículo adxetivo "federable" se teña trocado pol-a verba federal que tantas promesas choe e tantas espranzas garda dentro de sí.

Por todo o devandito o novo Día de Galiza que se nos ofrece é ben diferente a como coidábamnos que sería

## Notas d-un Ultreya

Especial para A FOUCE

A misión biológica de Galicia

A virtude esenzal que para nós téñ a Misión Biológica de Galicia, é a que a fai criadora d'unha auténtica e genuina agricultura galega, valor transcendental da nosa economía.

Vou tratar de expór, en rápida síntese, os puntos fundamentaes do programa agrario galego, atal como o enxergue a Misión Biológica, seguindo ao profesor Gallástegui, director d'aquela institución.

Ante tudo é preciso recoñecer o feito difrenzal galego, eiqui manifestado pol-as características peculiares afincadas na persoalidade agrícola de Galicia; cómprenos, pois, unha agricultura propia e axeitada a isas características. En torno a isto téñ a Misión a sua funzón básica: d-investigación, d-ensaio. Para amostrala importancia d'ista acción abondará un exemplo de Gallástegui: de 69 variedades de pataca ensaiadas houbo crades que diron 4.600 kilos por hectarea, outros diron 54.000 e as Ragis, de sona mundial foron as de menor produzón. As fases a ter en conta serán:

- investigación i-experimentazón.
- espallamento i-enseño.
- cooperación.
- créto agrícola.
- política económica.
- legislazón.

A experimentación deberá de ser denantiorre a todo outra labourea e base para o desenrolo de total-as máis.

A cooperación será un feito cando o labrego teña fiducia nas insinanzas dos seus directores ou ben a experimentazón sexa unha realidade. O mesmo créto agrícola, que atal coma se ven practicando é moitas veces perxudicial, trocárase en benfeitor cando ao mesmo tempo, alleccione ao labrego pol-a experimentazón. E até a política económica terá de basarse n'ela; o problema do millo é un bó exemplo: Galiza produz d'iste cereal perto de 250.000 a 300.000 toneladas e ten que importar de 20.000 a 25.000 cando a colleita é cativa; o resto do estado hespañol produz 300 mil e percisa 200.000 toneladas; a libre importazón do millo que se pide por Galiza, si ben satisfai a nosa falla, convénlle, mais que a nós mesmos, ás mais rexíós hespañolas, que ao ter millo barato de fora, farán a competencia ás nosas carnes. ¿Qué satisfazón dar, logo, ao problema si a situazón actual é moitísimo pior? A inmediata soluzón será a intensificación da produzón (Gallástegui supón que podería chegar a duplicarse), co que resolverase cumpridamente, ficando aínda un marxe para adicar a industrias granxeiras. "Si esto fose feito fai dez anos — di Gallástegui — Galicia sería dona do mercado de millo hespañol, houbera progresado i-floientemente, porque infruía en impór seus prezos ao millo e ao tempo, en parte, ao gando de abasto. E tamén, pois, obra dos Centros experimentaes a decisión.

De todo isto, resulta a urxente necesidade de crear centros adicados ao fomento da agricultura galega e cuio modo de funzonar poidera ser semellante ao da Misión Biológica, que "produz sementes i-ensaia abonos. Ensina, perpara e coloca capataces, que ao mesmo tempo constitúen Cátedra ambulante pra divulgazón na cáis dos socios do Sindicato de produtores de Semillas e orgaiza a cooperación". Cifra Gallástegui istes centros, en catro principais agrícolas en un soio gandeiro c-os anexos pra as industrias derivadas, pol-o momento, os mais percisos; sendo aqúiles: de practicultura, que mui ben se establecería en Lugo; de Viticultura, n' Ourense; de prantas do gran cultivo (millo, patacas, centeo, trigo, etc.), na Misión Biológica en Pontevedra; de Arboledadura e Horticultura, na Cruña.

E, derradeiramente, habería que crear a Escola práctica de Agricultura e Gandeiría, órgao pedagóxico de todas aqúilas institucións e preparador dos futuros pequenos directores do noso agro.

Eis, moi imperfeitamente deseñado, o programa de cuio contido temos concretado unha gran parte na Misión biológica de Galicia, realidade manífica que lle debemos directamente ao fato de homes a cuia testa aparece o mestre Gallástegui, que van fabricando eisi a agricultura galega que percisamos pra distribuíla acto seguido pol-a rexión.

LOURENZO,  
da IIIª Liña de  
"Ultreya"

## ades Gallegas

Os seguintes datos do derradeiro balance na seguranza de facer un levantamento dos galegos emigrados e a nota máximo desexo de todas as aspiracións.

Activo . . . . \$ 10.412.28  
 Descuberto . . . . 2.607.62  
 =  
 \$ 13.019.90

Passivo (deudas) \$ 13.019.90. Aínda; o activo está composto por mobles sin sufrir o deterioro, e contas a cobrar seguintes cantidades:

Mobles . . . . \$ 7.039.25  
 Cobros e cobros . . . . 811.00  
 Deudas e cobros . . . . 944.95

Total . . . . . 8.795.20

Como se ve, os rubros mobles e a cobrar inflan o activo a pesares de 8.795.20, quedando polo tanto o activo en garantías de \$ 1.617.08, o mesmo que dos mobles non se poidan cobrar, polo que quedan \$ 1.755.95 de deudas e cobros a cobrar, para o total das deudas ou sexan os seguintes \$ 19.90.

Para xusguen os federados!

Tancón.

## Carrascas

ALMAS EN PENA

Na sesión do noveno congreso da S. Gallegas, estiveron os retratados Rosalía de Castro e mailo de

## Notas d'un Ultreya

Especial para A FOUCE

### OS ESTUDANTES GALEGOS

Mintén descaradamente os republicanos que din que desbotaron a monarquía hespañola; a monarquía hespañola morreu, porque tiña que morrer; a esta morte, eso sí, puideron axudar os republicanos, como tamen puideron axudar outros que non foran republicanos; na esquerda, sobretudo, entón en fronte único cos republicanos e na dereita; entre os primeiros e mellor que naxide, eisclusivamente case, cos obreiros e algúns intelectuais, loitaron pra traguella República, os estudantes; a loita dos estudantes non foi nin de dereita nin de esquerda, porque, en xeral, a mocidade non entende en compondas máis ou menos ideolóxicas, senón que constitúe iso precisamente: unha forza de loita; e unha vangarda revolucionaria, polo mesmo. Por iso, tudolos partidos políticos, que, maiormente, coidan de non iniciar á xuventude na súa entrada funcional, na súa auténtica *facies* (desprovista da obrigada retórica política), precuran ás forzas mozas, porque elas serán o seu instrumento de loita e nelas escudarán a súa labor política.

Os estudantes hespañoles constituíronse na FUE (Federación Universitaria Escolar) e co-ise nome loitaron. A FUE ajiña tiña centos de afiliados en todas as Universidades. Santiago

proyeito en galego e que os seus delegados falarán no congreso en galego.

era un dos seus núcleos de máis importancia. Con fins directamente profesionais, loitaban abertamente contra da Dictadura que rebaiaba o ensino con plans antipedagóxicos e dictaba leis atentarias ao tuero universitario e á disciplina académica. Foi naqueles derradeiros anos da Dictadura, en que Carballo Calero publicaba o primeiro documento da FUE galega: "La fuerza pública en la Universidad". Carballo, Calero, escribiu estudante compostelán naqueles días, presidente que fora e tornou derradeiramente a selo, da FUE galega, tivo sensível e profunda influencia na formación cidadán dos estudantes universitarios. El foi o eixe dunha histórica Asamblea na que a FUE galega fijó fé de outo e avanzado galeguismo. E co-ilo, outro distinto presidente, García Sabell. Os dous remataron as súas carreiras no curso 1930-1, despois de ter conquistado a Universidade galega, jornadas de gloria pra a súa historia. Estabelecida a República, a FUE, anque non rematou a súa misión social (si é que pertence ser unha auténtica vangarda da mocidade escolar) é, agora, un organismo gubernamental; a FUE perdeuse para a historia; pero anque a FUE hespañola achegara a súa arela, non así a galega, que tén todo un programa de galeguización por diante. ¿Ou é que os dirigentes autuantes da FUE galega crén que esta é unha sesión máis do Ministerio de Instrución Pública hespañol? Hai moitos problemas vi-

△

### AGRADECIDOS

A Federación de S. G. da rua Mitre, deu un banquete en homaxe do Dr. Alfredo L. Palacios co motivo de ausentarse pra Galiza en cuio banquete estiveron representadas varias sociedades. O Dr. Palacios fixo gabanzas das rexións hespañolas co esquecemento absoluto de Galiza, cousa lóxica porque Galiza non é hespañola. Gracias Dr.

Funcheiro.

vos, que teñen de ser encarados e resoltos polos estudantes galegos de hoje, já que eles son a vangarda intelectual, dinámica como mocidade, do noso pobo. ¿Ou é que a nosa mocidade vai ir a formar nas xuventudes da que denantes falaba, escudo de noxentas oligarquías dos partidos hespañoles. Os estudantes galegos teñen de orgaizarse propiamente no cadro internacional escolar para loitar así por unha Galiza nova e unha humanidade mellor.

LOURENZO

da IIIª Liña de "Ultreya"

s Enriquez. No meio d'entramchabase o do Sr. Alonso Ríos. sei por que nunca me pareceron indamente tristes os ollos da ru-Sar, nin tan foscas os de Cu-

△

### DISCO GASTADO

n e cousa de anos nin de meses que nin de días. E cousa de ho-le minutos a cuestión da aproba-do estatuto autonómico da nosa... Xa escoitei este disco no de-